



Os plenos de ¿Redondela?

Durante os últimos dous anos, ata unha ducia de plenos tiveron que suspenderse ás 0:00h da noite sen que dera tempo a tratar todos os asuntos. O último pleno, o pasado 27 de febreiro, foi o segundo consecutivo onde os **concelleiros/as do PP non comparecen para dar explicacións a AER**, e outro pleno máis onde o **gobierno local non contesta preguntas**, nin dese mes nin do mes anterior. Por riba, non é a primeira vez que o goberno local está dous meses sen comparecer nin responder ás preguntas de AER.

O salón de plenos estaba ategado de membr@s das **asociacións de veciños** de varias parroquias, que estiveron agardando a que se debatera unha moción que presentaron eles sobre os **consellos parroquiais**. Pero tampouco deu tempo para debater esa moción. Xustamente nesta sesión, **AER presentaba unha proposta para que as mocións de Redondela tiveran prioridade** sobre as mocións sobre Abel Caballero, Feijoo, Rajoy... Proposta que foi **rexeitada por todos os partidos políticos: PSOE, BNG e PP**.

Non se está podendo fiscalizar como é debido o labor do goberno local posto que moito

tempo dos plenos estase adicando a **mocións xeralistas**, que se mandan dende os aparatos dos partidos e que se poden denominar tamén "mocións fotocopia"; mocións que non son específicas do concello de Redondela e que son competencia doutras administracións. AER non renuncia a presentar e debater este tipo de mocións, pero pensamos que **non se debería adicar máis tempo a estas propostas que ás propostas de Redondela**. Parece que os nosos "compañeiros" de oposición prefiren fiscalizar a golpe de propaganda e notas de prensa. AER, á parte dos necesarios comunicados e boletíns, tamén fai as preguntas e pide explicacións **no seu foro axeitado, que son os plenos**.

E o goberno local do PP tan contento! Tíranse **meses sen contestar a rexistros**, e despois aínda se poden tirar outros dous meses sen responder preguntas, que cando se responden son case "extemporáneas".

¿Que pasou co acordo tomado hai un ano para que as mocións se tratasen de xeito alterno e decidindo cada grupo as súas prioridades, en vez de tratalas por orde de entrada no rexistro?

Axuntamos unha táboa con toda a actividade da oposición. Entre paréntese, vai o número de concelleiros/as que ten cada grupo representado no pleno. Que cada un/unha saque as súas propias conclusións. Nós xa as sacamos.

ACTIVIDADE DE CADA GRUPO NOS PLENOS	AER (1)	BNG (2)	PSOE (8)
MOCIÓNS PRESENTADAS	66	60	40
MOCIÓNS DE REDONDELA	58	13	19
MOCIÓNS XERALISTAS	8	47	21
COMPARECENCIAS SOLICITADAS	31	11	19
PREGUNTAS FORMULADAS	91	12	24
ROGOS FORMULADOS	41	1	23

Lembramos que hai máis dun ano, o 31/01/2013, e vendo a cantidade de cousas que quedaban pendentes nos plenos, **AER propuxo que se convocase un pleno extraordinario a semana seguinte pra rematar as mocións, comparecencias, preguntas e rogos que quedaran sen tratar.** Despois dun debate e dunha proposta do BNG, acordouse que *"cando queden asuntos sen tratar, no mesmo pleno ordinario decidírase entre os voceiros os asuntos a tratar e a data da seguinte sesión a fin de rematar os temas pendentes"*; acordo que o PP votou en contra e que nunca se cumpriu. O que si se fixo durante uns poucos meses foi que os voceiros dos grupos escollían as mocións máis importantes e **tratábanse de xeito alterno**, é dicir: primeiro unha moción do PSOE, despois unha do BNG e despois unha de AER; e así ata rematalas. Iso fíxose durante dous meses, pero, despois de aprobar os orzamentos do 2013, **sen previo aviso, o alcalde volveu escoller o criterio da data de entrada no rexistro** para decidir a orde das mocións.

Non debemos esquecer que a parte do pleno da que estamos a falar denomínase **"Actividades de control do pleno"**. Pois nós vemos que o que se fai habitualmente é pouco

control e si moita moción de partido.

Se PSOE e BNG prefiren converter os plenos en "debates televisivos" en vez de propoñer acordos sobre Redondela e fiscalizar o que fai o goberno local, alá eles, pero que non impidan que AER o faga. Despois queixaranse de que o PP quere recortar competencias aos Concellos, cando son eles mesmos os que **desprezan continuamente as competencias municipais**. Repetimos que está ben debater sobre todos estes temas, moitos deles de importante contido social, pero nunca a costa de non tratar os problemas do noso concello, porque se estes problemas non se tratan ou arranxan no noso Concello; onde se van tratar?. Temos só un día ao mes para propoñer cousas sobre Redondela e para pedir contas do que aquí se fai, e resulta que adican máis tempo a falar da Xunta de Galiza e do Goberno Central que a falar do noso Concello.

Algo non vai ben cando nos plenos de Redondela se pronuncia máis o nome de Abel Caballero, Feijoo ou Rajoy que o nome de Javier Bas... AER ve necesaria unha reforma do Regulamento Orgánico do Concello para que os plenos funcionen doutro xeito.

ACHÉGATE!!!



Se queres denunciar irregularidades, suxerir melloras, despxear dúbidas ou formar parte de AER, ponte en contacto en

info@aeredondela.com

Correo: Paseo da Xunqueira, 33-1º

Cantos máis sexamos, máis poderemos facer!

Síguenos en

www.aeredondela.com
aerforo.foroactivo.com



Non me tires, pásame ou recíclame!!!

PAPEL RECICLADO

BOLETÍN Nº 18

6 MARZO 2014